



MELODÍA DE DÍAS USADOS. / ANXOS SUMAI

SOÑANDO SER UNHA ESTRELA

Domingo, 1. Mamá contounos que lle gustaría ser unha actriz de Hollywood e posar para as revistas con vestidos fermosos, con altos tacóns, cos labios pintados e as unllas longas e coidadas. Rodeada dos seus nenos, iso si, rodeada de nós.

Estivemos mirando hoxe na casa o albúm de fotos. A min non me gusta nada facelo pero sempre hai alguén que non sabe que a eternidade é real, que é agora mesmo, e que a imaxe que unha vez se fixou na retina perdura para sempre nalgures. Hai unha foto que mamá se empeñou en facer para enviarlla á familia que vive en Bos Aires. Estamos nela mamá, noviña e cunha diadema conténdolle a melena lisa e negra, e nós, os seus catro fillos, devorando filloas de sangue como salvaxes, despeiteados, sucios pero felices. Lembro que despois de que o fotógrafo nos fillese a foto, mamá mirounos e, con todo o amor do universo, exclamou:

—¡Pero que fillos máis pequenos, peludos e fracos teño!

Usou o mesmo ton de orgullo que se fosemos nenos repoludos e ben vestidos. Mamá sempre estivo orgullosa daquela foto que enviou a América, fartándonos de filloas de sangue sobre un fondo de baldosas brancas nas que aínda se pode sentir o calor do lume da cociña, na que cada ferida dos nosos corpos era un suco aberto onde algo, o que fose, habería de florecer. E algo, o que fose, floreceu.

Cando miro esas fotos náceme unha doce melancolía. Imaxino que a mamá lle pasa o mesmo cando se mira no espello e pensa que xa non será nunca unha estrela de Hollywood.



MELODÍA DE DÍAS USADOS
Anxos Sumai